

A mesa de Contratación, na sesión do 10 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250)

A secretaria informa que se presentou un licitador a este procedemento, BAYGAR, S.L., segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con BAYGAR, S.L.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios
1	BAYGAR, S.L.	10%

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais ou desproporcionados segundo o criterio recollido no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP (artigo 85 do RXLCAP), polo que se ordena de conformidade co disposto no apartado 7B ("as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte un maior porcentaxe de desconto"):

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios
1	BAYGAR, S.L.	10%

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250)



Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios
1	BAYGAR, S.L.	10%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L. (B-12.019.659), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **21 de novembro de 2022.**

Advírtese de que, conforme ao previsto no artigo 150.2 da LCSP, de non presentarse a documentación requirida en prazo, entenderase que retira a súa oferta, o que dará lugar a esixirle ao licitador o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade así como a imposición dunha prohibición de contratar, pola causa prevista no artigo 71.2.a do LCSP "retirar indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou haber imposibilitado a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 150 dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia".

A certificación de non ter débedas de carácter tributario co concello de Vigo se obterá de oficio por esta administración.

O importe da garantía definitiva é de 2.465,74 euros .

O licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar copia do aval ou do seguro de caución xunto coa documentación requirida no suposto de que canxee o documento orixinal na Caixa do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/11/2022 13:32	Páxina 2 de 3
88268-250	CSV: AEA6B9-453CB7-D5AE3A-PLD5QJ-DB15WW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se optan pola constitución da garantía definitiva en metálico o importe da mesma, poderán ingresaralo na seguinte conta, titularidade do Concello de Vigo:

IBAN: ES48 2080 5000 6331 1007 0132

No concepto da transferencia a realizar, deberán indicar GARANTÍA DEFINITIVA e Nº EXPTE.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practicaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

Jmv/

A secretaria da Mesa de Contratación (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/11/2022 13:32

Páxina 3 de 3

88268-250

CSV: AEA6B9-453CB7-D5AE3A-PLD5QJ-DB15WW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>